


ARTE GREGA



EDIFICIO: **ERECTEION**

AUTOR: Mnesicles e Filocles (S.V a.C.)

CRONOLOGÍA: 421-406 a.C.

TIPOLOGÍA: Templo

MATERIAL: Mármore do Pentélico

ESTILO: Grego clásico (Clasicismo pleno do S.V a.C.)

LOCALIZACIÓN: Acrópolis de Atenas

DESCRIPCIÓN FORMAL

Se o comparamos co Partenón, sorprende o seu reducido tamaño e o seu carácter pouco unitario. O arquitecto foi Mnesicles quen tamén construíu os Propileos de acceso ao recinto sagrado. O lugar reservado para a súa ubicación era pedregoso e desigual e, asemade, debía cubrir o espazo no que segundo a tradición creceu a oliveira que plantou Atenea e a fonte que Poseidón, o deus do mar fixo brotar tras clavar no chan o seu tridente. A complicada e elegante planta do templo débese precisamente a que o arquitecto houbo de respectar cada un destes elementos. O Erecteion configúrase en realidade como dous templos unidos entre si: o templo de Atenea que, orientado cara ao Leste, conta cunha soa *cella* onde se albergaría a escultura de Atenea Polias e un pórtico de acceso hexástilo configurado a través de columnas xónicas moi esbeltas.

É unha obra innovadora, un edificio sen simetría artellado cunha estrutura expansiva, con cambios permanentes no sistema de proporcións e na linguaxe formal. Hai un desnivel de 3 metros e o alzado se dispón en dúas alturas, cunha planta asimétrica con catro fachadas, tres pórticos e tres naos. O material de construción é mármore do Pentélico en aparello de cantería isódomo, en unión viva, unindo os perpiaños con grapas metálicas. Tamén se empregou pedra negra para os

frisos como fondo sobre o que se engadían os relevos. Está considerado o máximo expoñente do estilo xónico ateniense.

O conxunto estaba dividido en dúas partes independentes co seu pórtico:

- O núcleo principal é a parte oriental e máis alta, adicada a Atenea Polias. É rectangular como a maioría dos templos que tomaron como modelo o megarón micénico, e presenta unha fachada no lado oriental cun pórtico hexástilo de orde xónica.
- O outro eixe do templo se desenvolve en dirección norte-sur, e o seu acceso era por un pórtico tetrástilo que conduce ás outras tres *cellas*, adicadas a Poseidón, Erecto, Créope e aos ancestros míticos. O pórtico norte presenta gran altura pois arranca da parte máis baixa do terreo e acada a cornixa da parte superior, pechado por seis columnas xónicas, catro á fronte e unha detrás de cada unha das dos ángulos, de esveltos fustes. O lado oeste carece de pórtico e revela a existencia dos dous niveis. Na parte superior presenta fiestras abertas entre columnas embebidas no muro e apoiadas sobre un resalte do muro baixo no que se abría unha porta. Estas columnas rematan nun frontón e conectan co arquitrabe, friso e cornixa que corren ao longo de todo o edificio, harmonizando este lado e o oriental a pesares da diferenza de altura das columnas. Desde a pronaos do templo accédese á **Tribuna das Cariátides**, tribuna sostida por seis figuras humanas femininas (*cariátides*) en vez de por columnas. Reciben este nome en memoria das mulleres de Caria (Asia Menor) tomadas como escravas polos gregos por ter axudado aos persas durante as Guerras Médicas e custodian o lugar onde se atopa a tumba de Créope. Alcámenes, discípulo de Fidias, dispón figuras femininas (2,3 m.) que cumpren a función de soporte. Recordan as korai pero con insinuación de movemento sen chegar ao contraposto pois non hai repercusión na cadeira. A vestimenta amosa un gran traballo cos pliegues, que complementan cun coidado peiteado. O pórtico é de pouca altura, de xeito que non cobre a altura total do muro do templo ao que se adosa. As cariátides están situadas sobre un alto pedestal corrido e distribuídas do mesmo xeito que as columnas do pórtico norte (catro ao fronte e unha detrás das de cada ángulo), soportan un entaboamento carente de friso, tendo só un arquitrabe de bandas horizontais, ao modo da orde xónica do resto do edificio, e a cornixa. A distribución das seis cariátides é simétrica con respecto a un eixe central (tres a cada lado, e cada unha flexiona a perna máis próxima ao devandito eixe). Teñen delicados adornos (abalorios, peiteado), visten con peplos xónicos, e portaban canastos enriba da cabeza a modo de capiteis.

ENTORNO E INTEGRACIÓN URBANÍSTICA

É a última obra realizada na Acrópole, construída ao lado Norte do Partenón, nun lugar onde segundo a lenda Poseidón fixo brotar unha fonte de auga salgada. Este templo adáptase á escarpadura irregular da Acrópole e relaciónase de xeito harmónico cos edificios restantes. Porén non logra os principios de proporción e harmonía que triunfan no Partenón. Hai unha profusión decorativa que o separa do Partenón e que xa está a dar indicios da evolución posterior da arquitectura grega, pasando da grandiosa simplicidade ao refinamento.

FUNCIÓN, CONTIDO E SIGNIFICADO

É un templo xónico moi diferente ao resto ao estar condicionado polas dificultades topográficas, que debían ser respectadas polo carácter sagrado do lugar e polos vestixios dos vellos santuarios – templo de Atenea Polias, destruído polos persas- relacionados cos ancestros míticos da Acrópole:

tumbas de Erecteo (un dos primeiros reis de Atenas) e Crecops (o primeiro poboador da cidade, nacido da terra sen antecedentes humanos), o manancial de Poseidón e a oliveira de Atenea. O Erecteion foi adicado a deuses e a heroes. Atenas e Poseidón loitaron pola Ática. Poseidón ofreceu auga e Palas Atenea unha oliveira (Podería representar a loita entre os mariños e os agricultores saldada a favor destes últimos). Gañou Palas e Crécope deulle o premio. Así a cidade toma o nome da deusa. As cariátides simbolizan ás mulleres de Caria, aliadas dos persas, escravizadas obrigadas a soportar o templo. O edificio tiña diversas funcións: lugar de culto, e edificio conmemorativo e representativo.

Na Idade Media foi convertido en igrexa cristiá. Os turcos convertérono en residencia particular. Foi destruído parcialmente na revolución grega de 1827, e afectado polo terremoto de 1852. Foi reconstruído pola Escola Francesa de Atenas.

MODELOS E INFLUENCIAS

O Erecteion é o máximo exponente da arquitectura de orde xónica, porén a súa morfoloxía tan particular a converte nun edificio singular na arquitectura grega. Foi un referente tanto para a escultura romana como para a renacentista e neoclásica tomando como modelo as Cariátides.